

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 25/04/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes:

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 25/04/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, de data 4 de abril de 2024.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de marzo de 2024.

3. Toma coñecemento das Resolúcións da Alcaldía relativas á liquidación do Orzamento Municipal e da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais correspondentes ao exercicio 2023

4. Aprobación, se procede, da declaración das obras de Reforma interior nas plantas 4ª e 5ª da Residencia Divina Pastora de Vilagarcía de Arousa, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO

5. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2024 por importe de 29.583,98€.

6. Aprobación, se procede, da incoación do expediente de liquidación do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Parking Xoán XXIII.

7. Aprobación, se procede, do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais do Concello de Vilagarcía de Arousa (Redactado por SEAGA).

8. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Central a que dote de máis efectivos e medios á policía nacional de Vilagarcía.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre regularización do uso dos patinetes eléctricos en Vilagarcía

11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

13. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Fernando Pérez Quintela e Dona Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 4 DE ABRIL DE 2024. Po lo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

- Dáse conta polo voceiro do grupo político municipal do BNG da existencia dun erro na acta, figurando a abstención do PP na votación da moción de urxencia presentada polo grupo político do BNG “para solicitar que o Concello de Vilagarcía de Arousa realice alegacións contra o proxecto de ALTRI”, debendo figurar que votaron en contra os membros do grupo político

municipal do PP

Acórdase corrixir o erro indicado.

Coa rectificación indicada queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21) a acta da sesión anterior de data 4 de abril de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MARZO DE 2024: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Delegación asistencia a Xunta da Mancomunidade
- 1 Adscrición novo vehículo licenza taxi
- 2 Autorización instalación pulpeira en Semana Santa
- 1 Expte. Transferencia de crédito para gasto corrente
- 2 Aprobación taxas Augas de Galicia
- 3 Licenza animais potencialmente perigosos
- 2 Desguace vehículos inmovilizados
- 1 Aboamento servizos prestados en horario nocturno
- 1 Dedución haberes a empregado por ausencia non xustificada do posto de traballo
- 3 Nomeamento funcionario/a interno/a por substitución IT
- 1 Delegación substitución Secretaria
- 1 Nomeamento suplente tribunal praza Tecnico Normalización Lingüística
- 1 Pagamento Plan de Pensións
- 1 Modificación nomeamento empregado
- 7 Substitución postos de categoría superior
- 2 Tramitación urxente AMIS
- 2 Estimatoria pagos duplicados
- 41 Estimatoria fallidos
- 1 Estimatoria beneficios fiscais IAE
- 2 Estimatoria ICIO
- 2 Estimatoria IAE
- 14 Estimatoria liquidacións e baixas
- 1 Estimatoria IBI
- 3 Estimatoria compensación de débedas
- 3 Estimatoria Recibos
- 2 Arquivo expedientes sancionadores de tráfico
- 3 Resolución sancionadora expedientes de tráfico
- 3 Estimatoria IIVTNU
- 1 Estimatoria IVTM
- 11 Estimatoria beneficios fiscais no IVTM
- 48 Estimatoria/desestimatoria taxas e prezos públicos
- 15 Primeiras alegacións ordinario
- 1 Contratación terminal TPV para estacionamento Praza Xoan XXIII
- 1 Inadmisión de solicitude de devolución de fianza
- 1 Aprobación gastos contas bancarias
- 22 Orde de pago facturas
- 1 Creación caixa efectivo e xestión de cobros estacionamento Praza Xoan XXIII
- 2 Deber de conservación
- 2 Designación representación Concello en recurso Contencioso Administrativo
- 1 Resolución ampliación horarios locais hostalerías
- 1 Desestimación recurso expte. Sancionador actividades

1 Licenza de primeira ocupación
 36 Comunicación previa obras menores
 18 Concesión de licenza de obra menor
 7 Concesión de licenza de obra maior
 3 Comunicación apertura de establecementos
 1 Aceptación de cesión a efectos de inscripción rexistral
 1 Aprobación inicial estatutos de Entidade Urbanística
 1 Corrección erro cambio de titularidade actividade
 1 Autorización instalación de terraza en establecemento de hostalería
 1 Declaración ineficacia comunicación previa
 1 Arquivo expediente solicitude licenza obra menor
 6 Legalización de obras
 1 Conformidade a proxecto de execución
 1 Desistimento licenza de obras
 1 Concesión de prórroga para realización obras vivenda

TOTAL: 294

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO DE 2023:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de abril de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, do seguinte teor:

Visto o Informe da Intervención municipal referido á liquidación dos orzamentos municipais para o exercicio 2022, así como o expediente DEPORT/2024/000220 relativo á liquidación do orzamento da Fundación de Deportes.

En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, e en particular os artigos 191.3 e 192 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e 90.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/88, do 28 de decembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do orzamento municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondentes ao exercicio económico de 2023 seguinte:

RESULTADO ORZAMENTARIO CONCELLO:

CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	AJUSTES
a. Operaciones corrientes	32.467.716,43 €	30.310.155,48 €	
b) Operaciones de capital	4.921.878,29 €	6.085.691,11 €	
1.Total operaciones no financieras (a+b)	37.389.594,72 €	36.395.846,59 €	
c) Activos financieros	72.891,24 €	70.844,00 €	
d) Pasivos financieros		863.310,36 €	
2. Total operaciones financieras (c+d)	72.891,24 €	934.154,36 €	
I. RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO (I=1+2)	37.462.485,96 €	37.330.000,95 €	

AJUSTES		
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales		2.725.187,60 €
4. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio		5.044.266,87 €
5. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio		4.202.195,18 €
II. TOTAL AJUSTES (II=3+4-5)		3.567.259,29 €
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO (I+II)		3.699.744,30 €

REMANENTE DE TESOURERÍA CONCELLO:

1. Fondos líquidos	11.574.311,90 €
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	17.080.871,32 €
2.a. Do orzamento corrente	4.505.114,43 €
2.b De orzamentos pechado	12.553.260,03 €
2.c De operacións non orzamentarias	22.496,86 €
2.d Cobros pendentes de aplicación definitiva	4.024.706,00 €
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	4.699.562,59 €
3.a. Do orzamento corrente	3.190.702,08 €
3.b. De orzamentos pechados	82.794,75 €
3.c. De operacións non orzamentarias	1.426.065,76 €
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	12.681,95 €
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	19.943.596,58 €
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	8.875.726,04 €
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	8.603.290,64 €
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	2.464.579,90 €

SEGUNDO: Aprobar a liquidación dos orzamentos municipais do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos deportivos municipais, correspondentes ao exercicio económico de 2023, aprobada e proposta polo seu Presidente:

RESULTADO ORZAMENTARIO FPSDM:

	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	AJUSTES
a. Operaciones corrientes	861.506,86 €	1.254.407,93 €	
b) Operaciones de capital		3.147,65 €	
1.Total operaciones no financieras (a+b)	861.506,86 €	1.257.555,58 €	
c) Activos financieros			
d) Pasivos financieros			
2. Total operaciones financieras (c+d)			
I. RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO (I=1+2)	861.506,86 €	1.257.555,58 €	
AJUSTES			
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales			268.979,93 €
4. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio			
5. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio			
II. TOTAL AJUSTES (II=3+4-5)			268.979,93 €
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO (I+II)			- 127.068,79 €

REMANENTE DE TESOURERÍA FPSDM:

1. Fondos líquidos	98.988,21 €
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	22.829,04 €
2.a. Do orzamento corrente	-
2.b De orzamentos pechado	22.829,04 €
2.c De operacións non orzamentarias	-
2.d Cobros pendentes de aplicación definitiva	-

3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	230.145,22 €
3.a. Do orzamento corrente	215.366,98 €
3.b. De orzamentos pechados	2.526,14 €
3.c. De operacións non orzamentarias	12.252,10 €
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	3.456,44 €
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	- 104.871,53 €
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	-
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	-
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	- 104.871,53

Dáse conta da Resolución do Presidente da FPSDM, do seguinte teor:

Visto o informe da Intervención Municipal, e en función do establecido nos artigos 191 e 192 do TRLRFL RDL 2/2004, para a aprobación da Liquidación do Presuposto da F.P.S.D.M., correspondente ó exercicio 2023.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da F.P.S.D.M.

RESOLVO:

1.- Aprobar a Liquidación do Presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente ó exercicio 2023, cun resultado presupostario axustado que ascende á cantidade de -127.068,79 €, e un remanente de tesourería para gastos xerais por importe de: -104.871,53 €.

RESULTADO PRESUPUESTARIO

(Operacións de fin exercicio/procesos de cierre/resultado presupostario)

	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a. Operaciones corrientes	861.506,86 €	1.254.407,93 €	-392.901,07
b) Operaciones de capital		3.147,65 €	-3.147,65
1.Total operaciones no financieras (a+b)	861.506,86 €	1.257.555,58 €	-396.048,72
c) Activos financieros			
d) Pasivos financieros			
2. Total operaciones financieras (c+d)			
I. RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO (I=1+2)	861.506,86 €	1.257.555,58 €	-396.048,72
AJUSTES			
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales			268.979,93 €
4. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio			
5. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio			
II. TOTAL AJUSTES (II=3+4-5)			268.979,93 €
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO (I+II)			- 127.068,79 €

REMANENTE DE TESOURERÍA:

1. Fondos líquidos	98.988,21 €
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	22.829,04 €
2.a. Do orzamento corrente	-
2.b De orzamentos pechado	22.829,04 €
2.c De operacións non orzamentarias	-
2.d Cobros pendentes de aplicación definitiva	-
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	230.145,22 €
3.a. Do orzamento corrente	215.366,98 €
3.b. De orzamentos pechados	2.526,14 €
3.c. De operacións non orzamentarias	12.252,10 €
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	3.456,44 €
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	- 104.871,53 €
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	-

III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	-
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	- 104.871,53

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA INTERIOR NAS PLANTAS 4ª E 5ª DA RESIDENCIA DIVINA PASTORA DE VILAGARCÍA DE AROUSA, COMO DE ESPECIAL INTERESE, A EFECTOS DE BONIFICACIÓN DO ICIO: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de abril de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendado, do seguinte teor:

RENDAS/2024/000075

URB/2024/000191

SOLICITUDE DE BONIFICACION NO ICIO

Antecedentes de feito: DNA MARIA CELINA REY DIEGUEZ e/r FUNDACION RESIDENCIA DIVINA PASTORA de Vilagarcía de Arousa, solicita a bonificación do Icio correspondente á obra “ REFORMA INTERIOR NAS PLANTAS 4ª E 5ª DA RESIDENCIA con fundamento no establecido na Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Fundamentos de dereito: A citada bonificación ven regulada no art. 4.2 da Ordenanza Fiscal Nº 1.3, que establece o seguinte:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalación ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar una bonificación do 50% da cota en atención ós documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Proposta de resolución : A obra para a que se solicita a bonificación consiste na “ REFORMA INTERIOR NAS PLANTAS 4ª E 5ª DA RESIDENCIA ”.

Os Estatutos da Fundación Residencia Divina Pastora establecen que a entidade se constitúe como unha organización de natureza fundacional, de interese galego. A súa finalidade principal é a asistencia ás persoas necesitadas, sobre todo por razón de idade, enfermidade, dependencia ou exclusión social, que residan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Para o cumprimento do seus fins desenvolveranse todas aquelas actividades que sexan necesarias para procurar o benestar das persoas necesitadas, tanto por razón de idade como de enfermidade, dependencia ou exclusión social, tales como estancia, manutención, coidados, asistencia sanitaria, asesoramento, animación socio-cultural, etc. das que se fan cargo profesionais competentes.

Considerando, a xuízo de quen suscribe, que a obra ten un marcado carácter social, **INFORMASE FAVORABLEMENTE** a bonificación instada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da declaración das obras de reforma interior nas plantas 4ª e 5ª da Residencia Divina Pastora de Vilagarcía de Arousa como de especial interese, a efectos de bonificación no ICIO.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a declaración das obras de reforma interior nas plantas 4ª e 5ª da Residencia Divina Pastora de Vilagarcía de Arousa como de especial interese, a efectos de bonificación no ICIO.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 01/REC/2024 POR IMPORTE DE 29.583,98 €: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de abril de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA DA ALCALDIA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1.- Relación de facturas Nº: F/2023/141 cun importe de 9.524,05€: inclúe xustificantes de gasto con rexistro contable no exercicio 2023 que corresponden a gastos ordinarios e correntes derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais que foron devengados no exercicio 2023 que non puideron ser tramitados con anterioridade á data de peche contable aprobada mediante instrución interna da Intervención municipal, por non contar con crédito axeitado e suficiente naquel intre.

2.- Relación de facturas Nº F/2023/144 cun importe de 9.409,22€: inclúe xustificantes de gasto con rexistro contable no exercicio 2023 que corresponden a gastos ordinarios e correntes derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais que foron devengados no exercicio 2023 que non puideron ser tramitados con anterioridade á data de peche contable aprobada mediante instrución interna da Intervención municipal, por non contar con crédito axeitado e suficiente naquel intre.

3.- Factura con rexistro F/2023/6276 cun importe de 968,00€, correspondente ao Levantamento topográfico do paseo marítimo no entorno da zona dos pinos na praia da Concha que non ten cabida na Base 21 das de Execución do orzamento, por non existir crédito suficiente na aplicación correspondente no intre do gasto.

4.- Factura con rexistro F/2023/8438 cun importe de 2.171,25€, correspondente á Limpeza de grafitis en miradoiros, e bancos de pedra, que non ten cabida na Base 21 das de Execución do orzamento, por non existir crédito suficiente na aplicación correspondente no intre do gasto.

5.- Factura con rexistro F/2023/9769 cun importe de 7.221,22€, correspondente ao Servizo de limpeza diaria na Praza de Abastos de Vilagarcía e Praza de Abastos de Vilaxoán que non ten cabida na Base 21 das de Execución do orzamento, por non existir crédito suficiente na aplicación correspondente no intre do gasto.

6.- Factura con rexistro F/2023/9816 cun importe de 290,24€, correspondente a Subministro de materiais diversos para o Servizo Municipal de Emerxencias realizados no exercicio 2021 e recibida no 2023 que non ten cabida na Base 21 das de Execución do orzamento, por non existir

crédito suficiente na aplicación correspondente no intre do gasto.

Visto que no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía por importe de 29.583,98 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, INT/2024/138 no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2024 por importe de 29.583,98 € con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2024, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de Nº F/2023/141, F/2023/144 e dos xustificantes con rexistros Nº 2023/6276, 2023/8438, 2023/9769 e 2023/9816 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 29.583,98 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2024 (2022 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, a data da sinatura dixitalizada

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 01/REC/2024 das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de Nº F/2023/141, F/2023/144 e dos xustificantes con rexistros Nº 2023/6276, 2023/8438, 2023/9769 e 2023/9816 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 29.583,98 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2024 (2022 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

- Sendo as 17, 15 horas incorporase á sesión Dona Paola María Mochales.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2024, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de Nº F/2023/141, F/2023/144 e dos xustificantes con rexistros Nº 2023/6276, 2023/8438, 2023/9769 e 2023/9816 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 29.583,98 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2024 (2022 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ESTACIONAMENTO SUBTERRANEO DO PARKING XOÁN XXIII.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de abril de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN DE CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE CONSTRUCCION E XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ESTACIONAMIENTO SUBTERRÁNEO DO PARKING XOAN XXIII.

Antecedentes

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 29 de febreiro de 2024, acordou a resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Aparcadoiro Xoán XXIII.

O citado acordo plenario foi notificado a PROINSA, O Banco Santander, a Rexistradora da Propiedade de Vilagarcía de Arousa e aos interesados que manteñan dereitos adquiridos en relación con algunha das prazas de aparcamento.

A Rexistradora da Propiedade, unha vez recibida a notificación do acordo plenario, comunica que queda suspendida a práctica dos asentos rexistrals.

Con respecto ao indicado pola Rexistradora da Propiedade de Vilagarcía de Arousa, manifestar que na notificación do acordo plenario non se lle solicitou a cancelación dos asentos rexistrals relativos ás leiras, pois unicamente notificóuselle a efectos informativos, sendo conscientes xa nese momento que esa actuación rexistral de cancelación, necesitaría de posteriores actos administrativos.

Ademais, cabe engadir que as señoras titulares lucrativas de determinadas leiras foron notificadas, como se acredita no expediente, proba diso é que algunhas delas presentaron alegacións no trámite concedido co inicio do expediente de resolución da concesión.

O día 25 de marzo de 2024, ten lugar o acto administrativo de reversión e entrega do aparcamento subterráneo situado na Praza Xoán XXIII, que se desenvolveu no Salón de Plenos da Casa do concello e finalizou coa visita ás instalacións do citado Aparcadoiro.

Tanto polo Concello como por PROINSA fixéronse constar as seguintes consideracións:

“Cuarto. En relación co manifestado por PROINSA, indicar que o orzamento total de obra e instalación do Aparcadoiro Xoán XXIII que se recolle na escritura pública de concesión do 29 de xullo de 2003 ascendía á cantidade de 1.692.289€ (sen IVE), pero na acta de recepción provisional da obra do 21 de xullo de 2005, o custo final de execución material da obra do aparcadoiro ascendeu a 2.440.305,51€. O anterior quere dicir, segundo manifesta PROINSA, que o Concello lle ha esixido, a 14 días da data fixada por resolución municipal para a recepción da infraestrutura, a realización de obras por un “orzamento total (A+B)” de 1.224.860,28 €, isto é, un importe superior ao 50% da cantidade de 2.440.305,51 € que refire o Concello.”

Feitas, entre outras, esas consideracións, o representante legal de PROINSA fai entrega ao Concello de Vilagarcía de Arousa do aparcamento subterráneo Xoán XXIII na situación na que se atopa actualmente.

A representación do Concello de Vilagarcía de Arousa, recibe as instalacións do aparcamento subterráneo Xoán XXIII, coas deficiencias existentes e detectadas no informe técnico emitido por don Evelio Sánchez Juncal, que conta cun orzamento de execución material de 797.071,83€ (sendo a súa “orzamento total (A+B)” de 1.224.860,28 €), que non acepta de ningún xeito PROINSA e que rebate o seu perito, e coas cargas hipotecarias descritas, e por tanto recíbese a entrega con reparo á recepción satisfactoria; reiterando o detalle exhaustivo, a xuízo do Concello, das deficiencias que presenta o inmovible e as instalacións, tal e como conta no informe emitido por D. Evelio Sánchez Juncal, criterio que non comparte PROINSA e fronte ao que presentou informe contradictorio suscrito por D. Alberto Rodríguez Alonso.

Constan como anexos ao documento de reversión e entrega do aparcamento, a documentación que se cita:

- 1.- Informe técnico emitido o día 11 de marzo de 2024 por D. Evelio E. Sánchez Juncal.
 - 2.- Informe técnico suscrito polo Enxeñeiro Civil D. Alberto Rodríguez Alonso o 20 de marzo de 2024.
 - 3.- Alegacións presentadas o día 21 de marzo de 2024 por D. Juan Manuel Lorenzo Hernando en relación ao informe municipal do Aparcadoiro Xoán XXIII de 2024. Nas alegacións faise referencia ao informe técnico do 11 de xaneiro de 2022, emitido polo Sr. Rodríguez Alonso.
- No Informe técnico emitido por D. Alberto Rodríguez Alonso o día 11 de xaneiro de 2022, indícase:

Os custos de execución por contrata necesarios para a corrección das deficiencias observadas ascenden á cantidade de 62.422,43€ (IVE non incluído). Esta cantidade figuraba no informe técnico do 18 de outubro de 2021.

Actualizado o valor da construción da edificación no momento actual, debería ascender a 2.238.559,89€, @teniendo en cuenta que a concesión no ano 2003 foi adxudicada por 1.692.289€ (IVE non incluído).

O valor de reposición neto obxectivo (adoptados valores de depreciación) ascende a 1.459.798,29€ (IVE non incluído).

No Informe técnico emitido por D. Alberto Rodríguez Alonso o 20 de marzo de 2024, indícase:

O informe técnico de D. Evelio E. Sánchez Juncal do 11 de marzo de 2024 non está descomposto en partidas, nin unidades de obra, nin prezos unitarios, nin medicións, materiais a empregar etc. Aínda que no apartado 10. Recomendacións de actuación faise unha descrición dos traballos para realizar de cada unha das zonas.

Reitera que a corrección das deficiencias ascende a 62.422,43€ (IVE non incluído), polo que a cantidade fixada por D. Evelio E Sánchez Juncal de 1.224.860,28€ carece de toda lóxica e criterio económico proporcional, xa que o orzamento da obra ascendía a 1.692.289 (sen IVE) no ano 2003.

Cadro comparativo de superficies

Superficie informe 11.01.2022 (Alberto Rodríguez)	Superficie informe 11.03.2024 (Evelio E. Sánchez)
Soto -1: 2.306,75 m2 80 prazas	2.316 m2 (80 prazas)
Soto -2: 2.220,25 m2 (80 prazas)	2.316 m2 (80 prazas)
Soto -3: 2.220,25 m2 (82 prazas)	2,321,81 m2 (82 prazas)
Total superficie: 6.747,25 m2	Total superficie: 6.953,81 m2

Cadro de superficies, incluído o teito do soto 1 (praza pública, accesos), que consta no informe de Don Evelio E. Sánchez Juncal do 17 de novembro de 2021:

Planta	Distribución	Sup. construída
Teito soto -1	Praza pública; accesos	2.316,00 m2
Soto -1	Zona de aparcamento (80 prazas); accesos, aseos, locais	2.316,00 m2
Soto -2	Zona de aparcamento (80 prazas); accesos, locais	2.316,00 m2
Soto -3	Zona de aparcamento (82 prazas); accesos, locais	2.316,00 m2
Total superficie:		9269,81 m2

Declarada a resolución do contrato, procede que o órgano de contratación resolva sobre os efectos de tal acordo resolutorio, isto é, a liquidación do contrato.

Neste aspecto, ademais da o contido da regulación que consta no informe da Secretaria, haberá de estarse ao establecido no Prego de Condicións que rexe a licitación e o acordo de adxudicación, os cales se consideran documentos contractuais e foron plenamente aceptados pola entidade concesionaria.

A Cláusula 51ª do PCAP, que regula as causas da finalización da concesión, establece no seu apartado 2º:

A anterior cláusula implica a renuncia á indemnización por PROINSA nos supostos de disolución ou quebra da sociedade concesionaria.

Neste caso, a aceptación de tal condición e renuncia ao dereito a indemnización debe considerarse libre e plenamente outorgada por PROINSA:

i. Tanto en virtude do artigo 79.1 do RDL 2/2000 que prevé que a mera presentación da oferta presupón a aceptación incondicionada da totalidade das cláusulas sen condición algunha:

1. As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o

momento da licitación pública. Suxeitaranse ao modelo que se estableza no prego de cláusulas administrativas particulares. A súa presentación presume a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas sen condición algunha.

ii. Como polo contido da proposta económica presentada por PROINSA, subscrita o 28 de maio de 2002, na que se fai constar:

iii. Como en virtude da plena aceptación do contido do PCAP realizada en presenza notarial, segundo fíxose constar na Escritura de concesión administrativa outorgada #ante o Notario de Vilagarcía de Arousa, D. Julio Manuel Díaz Losada, o 29 de xullo de 2003, baixo o número 1.658 de orde do seu protocolo nos seguintes termos:

O acto de formalización e firma dun contrato é un acto libre e voluntario por parte da entidade adjudicataria que concorreu libremente ao procedemento de contratación.

iv. E en virtude da escritura de poder outorgada por PROINSA a favor de D. Raúl Martínez Sierra, o 28 de xullo de 2003, #ante a Notaria de Madrid, D^a M^a de los Ángeles Escribano Romero, baixo o número 1436 do seu protocolo, para elevar a público a concesión para a selección de proxectos, construción e explotación de estacionamento de vehículos na Praza de San Xoán XXIII, de Vilagarcía Arousa (Pontevedra), que a PROINSA foille adxudicada polo Concello de Vilagarcía de Arousa, no Pleno da Corporación na súa sesión de data 24 de xullo de 2002, #de acordo con a oferta para o efecto presentada, aceptando as condicións establecidas no Prego de Condicións que rexeu o concurso para tal adxudicación, asinando para iso a correspondente escritura pública.

Como consecuencia do anterior, resulta incuestionable a renuncia da entidade contratista á indemnización no caso de quebra (equiparable á fase de liquidación alcanzada no concurso de PROINSA) polo que non procede a indemnización pola liquidación do contrato, xa que prevalece a renuncia efectuada coa aceptación dos documentos contractuais por parte de PROINSA.

Para definir o alcance da renuncia formulada, ha de traerse a colación o principio de liberdade de pactos entre as partes consagrado no artigo 4 do RDL 2/2000:

A Administración poderá concertar os contratos, pactos e condicións que teña por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración e deberá cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación básica en favor daquela.

E o contido dos apartados 1 e 5 do artigo 49 do RDL 2/2000:

1. Deberán aprobarse, previa ou conxuntamente á autorización do gasto e sempre antes da perfección e, no seu caso, licitación do contrato, os pregos de cláusulas administrativas particulares que incluírán os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigacións que asumirán as partes do contrato.

[...]

5. Os contratos axustaranse ao contido dos pregos particulares, cuxas cláusulas se consideran parte integrante dos respectivos contratos.

No presente caso, a estipulación prevista na Cláusula 51^a do PCAP supón a renuncia do contratista do dereito á indemnización no suposto de quebra da entidade concesionaria, sen que poida considerarse contraria ao ordenamento xurídico. Así, o artigo 6.2 do Código Civil admite como válida a renuncia aos dereitos recoñecidos polas leis, sempre que non sexa contraria ao interese ou á orde pública nin se prexudique a terceiros, circunstancias que non se dan no suposto que analizamos. Neste sentido, as sentenzas do Tribunal Supremo do 10 de maio de 2004 (Roj: STS 3130/2004) e do 21 de maio de 2004 (Roj: STS 3509/2004).

Aínda de maneira hipotética, tampouco sería posible invocar agora a nulidade dunha cláusula do prego reitor do contrato porque, como é sabido, a presentación da oferta supón a aceptación polos licitadores de todas as cláusulas dos pregos reitores, que se constitúen en lei do contrato. Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid do 6 de xuño de 2016 (recurso 19/2015) declara “o carácter vinculante dos Pregos que rexen a adxudicación dos contratos e que constitúen a contractus lex” con cita da xurisprudencia do Tribunal Supremo, entre outras, a Sentenza do 4 de maio de 2005 (Rec. 1607/2003) e 19 de setembro de 2000 (Rec. 632/1993) onde se sostén que: “o Prego de Condicións é a Lei do Contrato polo que ha de estarse sempre ao que se consigne en el”.

A valoración das deficiencias realizada o 11 de marzo de 2024, por don Evelio E. Sánchez Juncal conta cun orzamento de execución material de 797.071,83€.

O custo final de execución material da obra do aparcadoiro ascendeu, no seu día, a 2.440.305,51€, segundo consta na acta de recepción provisional da obra, de data 21 de xullo de 2005.

Deberá considerarse a duración da concesión, de cincuenta (50) anos, computados a partir da data de remate e recepción provisional das obras (21 de xullo de 2005 ao 21 de xullo de 2055), ata a data de reversión das instalacións, é dicir, ata o 25 de marzo de 2024 (data de toma de posesión) transcorreron 18 anos e 8 meses e restarían 31 anos e 4 meses.

Da certificación emitida pola rexistradora da propiedade de Vilagarcía de Arousa, 15 prazas de garaxe e 4 locais comerciais están libres de cargas e gravames, a maiores atópase 1 praza de garaxe cedida a don Andrés Paz-Ares Rodríguez e dona Teresa Jacome Feijoo, que figura cunha hipoteca.

Polo que as superficies útiles, unha vez descontadas as 15 prazas de garaxe libre de cargas e gravames e unha con carga hipotecaria, xa amortizadas por PROINSA, serían as seguintes:

Planta	Superficie útil según proxecto final de obra	Dedución	Superficie obtida
Soto 1ª	2.125,65 m ²	0 m ²	2.078,15 m ²
Soto 2ª	2.130,21 m ²	13,40 m ² (1 praza de garaxe con carga	2.116,81 m ²
Soto 3ª	2.102,74 m ²	195,79 m ² (15 prazas de garaxe sen cargas)	1.906,95 m ²
		TOTAL	6.101,91 m ²

De acordo co informe emitido por D. Evelio E. Sánchez Juncal o 17 de novembro de 2021, o valor de reemplazamento neto do parking nesa data era o seguinte:

Cálculo do Valor de reemplazamento neto - VRN (€)	
VRB - Valor de reemplazamento bruto (€/m ²)	357,00
tr - Coeficiente depreciación física ((2021-2005)/35)	0,46
Cr Depreciación patoloxías (€/m ²)	130,00
S - Superficie inmovible (m ²) (incluída praza pública, accesos)	9.269,81
Total VRN = (VRB - (tr x VRB) - Cr) x S	591.413,88 €

O valor de reemplazamento neto segundo o informe emitido por D. Evelio E. Sánchez Juncal o 12 de abril de 2024 é o seguinte:

Valor de reemplazamento neto do inmovible completo:

Cálculo do Valor de reemplazamento neto - VRN (€)	
VRB - Valor de reemplazamento bruto (€/m ²)	395,56
tr - Coeficiente depreciación física ((2024-2005)/35)	0,54
Cr Depreciación patoloxías (€/m ²)	132,13
S - Superficie inmovible (m ²) (incluída praza pública, accesos)	9.269,81
Total VRN = (VRB - (tr x VRB) - Cr) x S	451.398,96 €

Valor de reemplazamento neto do inmovible descontando 16 prazas de garaxe (851,90 m²):

Cálculo do Valor de reemplazamento neto - VRN (€)	
VRB - Valor de reemplazamento bruto (€/m ²)	395,56
tr - Coeficiente depreciación física ((2024-2005)/35)	0,54
Cr Depreciación patoloxías (€/m ²)	132,13
S - Superficie inmovible (m ²) (incluída praza pública, accesos)	8.417,91
Total VRN = (VRB - (tr x VRB) - Cr) x S	409.915,18 €

O valor estimado do inmovible a novo, a data 12 de abril de 2024, obtense calculando o valor de reemplazamento bruto, que é 395,56€/m², multiplicado pola superficie do inmovible, que é de 9.269,81 m² (incluída a praza pública, accesos), resultando un valor estimado de 3.666.766,04€.

Por último, a mercantil PROINSA foi declarada en concurso de acredores mediante Auto de data 16 de febreiro de 2010, ditado polo Xulgado do Mercantil núm. 4 de Madrid, no procedemento de Concurso Ordinario núm. 61/2010 e consta debidamente inscrito nos Rexistros públicos correspondentes.

O concurso de acredores da sociedade PROINSA atópase en fase de liquidación, cuxa apertura

foi acordada mediante Auto do 18 de febreiro de 2016 e séguese de conformidade co Plan de Liquidación definitivamente configurado por medio de Auto do 8 de outubro de 2021 ditado pola Audiencia Provincial de Madrid.

Xunto coa apertura da fase de liquidación, formouse a sección 6ª relativa á peza de cualificación do concurso de acredores, estando actualmente en tramitación.

O crédito concursal recoñecido ao Concello de Vilagarcía de Arousa -isto é, a débeda de PROINSA co Concello anterior á declaración de concurso-, ascende a 59.105,34 €.

Os créditos contra a masa son aqueles créditos que se xeran a partir da declaración do concurso e que se enumeran no artigo 242 do TRLC. Segundo o 29º informe trimestral de liquidación presentado pola Administración Concursal, de data 30 de novembro de 2023, os créditos contra a masa recoñecidos ao Concello no concurso da mercantil PROINSA ascenden ao importe total de 201.113,58 € e correspóndense co canon relativo á concesión, impostos e taxas ata o exercicio 2019.

O Concello de Vilagarcía de Arousa, nun documento emitido pola Recadación Municipal, sobre a relación de débeda pendente de pago de data 5 de marzo de 2024, indica que o importe da débeda pendente ascende a 496.212,56 € polos conceptos de IBI, IAE, Canon de explotación, vaos, lixos e rede de rede de sumidoiros devindicados durante os exercicios 2011 a 2024 (xaneiro, febreiro e marzo), recargas e intereses.

Sendo así, a cantidade pendente de ser recoñecida como crédito contra a masa ascende a 295.098,98€ incluídos intereses e recargas (que ascenden a 54.320,21€ e 77.763,22€, respectivamente), no concurso da mercantil PROINSA.

O concello de Vilagarcía de Arousa poderá interpoñer incidente concursal pola cantidade de 295.098,98€, coa finalidade de que poida ser recoñecida como crédito contra a masa.

Finalmente, de acordo con o establecido no artigo 47.2.k da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, ao conter a proposta de acordo a forma de xestión do servizo do aparcadoiro, debe adoptarse o acordo plenario co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Visto o informe favorable da Secretaria e do Interventor do Concello, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Asumir o Concello a xestión directa do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Aparcadoiro Xoán XXIII.

2.- Iniciar o procedemento de liquidación derivado da resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Aparcadoiro Xoán XXIII. O procedemento de liquidación deberá tramitarse no prazo de tres meses, a contar desde a data do acordo de incoación, ata a data da resolución.

3.- Conceder un prazo de 10 días naturais, para presentar alegacións, a PROINSA, Banco Santander, e ás persoas que figuran como titulares de dereitos e cargas no Rexistro da Propiedade.

4.- Comunicar á Rexistradora da Propiedade que, unha vez realizados todos os trámites administrativos que procedan, solicitarase a cancelación dos asentos rexistrados polos trámites que resulten oportunos, e que a notificación do acordo plenario do 29 de febreiro de 2024 fíxose cunha finalidade meramente informativa. Así como que as señoras titulares lucrativas de determinadas fincas foron notificadas, como se acredita no expediente, proba diso é que algunhas delas presentaron alegacións no trámite concedido co inicio do expediente de resolución da concesión.

5.- Comunicar a PROINSA que non procede indemnización económica de ningún tipo, nin polo tempo que resta para a finalización da concesión, nin pola amortización pendente das obras executadas, pola renuncia realizada no seu día.

6.- Comunicar a Banco Santander que ao non proceder a indemnización a favor de PROINSA non se levará a cabo ningunha consignación económica de indemnización a favor do Banco Santander.

7.- Interpoñer incidente concursal en relación coa cantidade de 295.098,98€, importe das débedas que PROINSA mantén co Concello e que se atopa pendente de recoñecer como crédito contra a masa. En virtude do artigo 54.3 do RDL 781/1986 faise constar que resulta xustificada a interposición do incidente concursal ao amparo da documentación existente na Recadación Municipal e do informe favorable da Secretaria e do Interventor do Concello que forma parte

deste expediente.

8.- Reiterar a PROINSA que deberá indemnizar ao Concello na cantidade de 797.071,83€, importe das obras necesarias para que o Aparcadoiro atópese en bo estado de conservación e mantemento. Debe terse en conta que PROINSA obtivo con data 27 de abril de 2021 as correspondentes autorizacións municipais para a execución de obras menores consistentes en reparación de danos interiores no aparcadoiro (limpeza e saneado de zonas afectadas pola auga, enlucido e posterior pintado) cun orzamento de execución material de 12.228€; e para obras menores de impermeabilización de torreóns de extracción, cun orzamento de execución material de 3.540€, ambas foron as únicas obras realizadas por PROINSA durante o período de concesión, das que se teña constancia

9.- Incautar a garantía definitiva, depositada no seu día por PROINSA, por importe de 18.030,36€. Este importe será deducido da cantidade de 797.071,83€.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

(firmado electrónicamente)

- Polo Sr. Fajardo Recouso se solicita a remisión do prego de cláusulas administrativas e técnicas do Parking Xoan XXIII.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da incoación do expediente de liquidación do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Parking Xoan XXIII.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8).

ACÓRDASE Por maioría absoluta:

1.- Asumir o Concello a xestión directa do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Aparcadoiro Xoán XXIII.

2.- Iniciar o procedemento de liquidación derivado da resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Aparcadoiro Xoán XXIII. O procedemento de liquidación deberá tramitarse no prazo de tres meses, a contar desde a data do acordo de incoación, ata a data da resolución.

3.- Conceder un prazo de 10 días naturais, para presentar alegacións, a PROINSA, Banco Santander, e ás persoas que figuran como titulares de dereitos e cargas no Rexistro da Propiedade.

4.- Comunicar á Rexistradora da Propiedade que, unha vez realizados todos os trámites administrativos que procedan, solicitarase a cancelación dos asentos rexistrados polos trámites que resulten oportunos, e que a notificación do acordo plenario do 29 de febreiro de 2024 fíxose cunha finalidade meramente informativa. Así como que as señoras titulares lucrativas de determinadas fincas foron notificadas, como se acredita no expediente, proba diso é que algunhas delas presentaron alegacións no trámite concedido co inicio do expediente de resolución da concesión.

5.- Comunicar a PROINSA que non procede indemnización económica de ningún tipo, nin polo tempo que resta para a finalización da concesión, nin pola amortización pendente das obras executadas, pola renuncia realizada no seu día.

6.- Comunicar a Banco Santander que ao non proceder a indemnización a favor de PROINSA non se levará a cabo ningunha consignación económica de indemnización a favor do Banco

Santander.

7.- Interpoñer incidente concursal en relación coa cantidade de 295.098,98€, importe das débedas que PROINSA mantén co Concello e que se atopa pendente de recoñecer como crédito contra a masa. En virtude do artigo 54.3 do RDL 781/1986 faise constar que resulta xustificado a interposición do incidente concursal ao amparo da documentación existente na Recadación Municipal e do informe favorable da Secretaria e do Interventor do Concello que forma parte deste expediente.

8.- Reiterar a PROINSA que deberá indemnizar ao Concello na cantidade de 797.071,83€, importe das obras necesarias para que o Aparcadoiro atópese en bo estado de conservación e mantemento. Debe terse en conta que PROINSA obtivo con data 27 de abril de 2021 as correspondentes autorizacións municipais para a execución de obras menores consistentes en reparación de danos interiores no aparcadoiro (limpeza e saneado de zonas afectadas pola auga, enlucido e posterior pintado) cun orzamento de execución material de 12.228€; e para obras menores de impermeabilización de torreóns de extracción, cun orzamento de execución material de 3.540€, ambas foron as únicas obras realizadas por PROINSA durante o período de concesión, das que se teña constancia

9.- Incautar a garantía definitiva, depositada no seu día por PROINSA, por importe de 18.030,36€. Este importe será deducido da cantidade de 797.071,83€.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (REDACTADO POR SEAGA): Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 22 de abril de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do teor literal seguinte:

ASUNTO : PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

DATA: 25 DE ABRIL DO 2024

O monte constitúe un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentable de Galicia, onde os terreos de monte constitúen máis do 65% da súa superficie e onde integrados con eles hai 313 concellos cuns 31.550 núcleos de poboación.

Mais o importante valor que o monte desempeña para a nosa sociedade no seu conxunto vén sendo ameazado pola propagación de incendios forestais, afectando á súa riqueza ambiental e paisaxística e ás actividades agroforestais que se desenvolven nel.

Esta situación débenos facer conscientes de que os incendios forestais no medio rural constitúen unha grave ameaza para calquera política de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia.

Os terreos forestais e as súas zonas de influencia teñen unha configuración específica que dificulta a súa protección contra os incendios forestais; entre outras, estas características son a fragmentación da propiedade, o desequilibrio entre zonas, o abandono da agricultura, a gandaría extensiva sen control e a progresiva transformación das parcelas agrícolas fragmentadas en terreos de monte, o que deu lugar a unha progresiva desorde do territorio incrementando a ameaza derivada dun incendio forestal.

O Estatuto de autonomía de Galicia no artigo 27.10 e a Constitución de 1978 nos artigos 148.1.8 e 149, 123 determinan o marco normativo xeral de referencia en materia de prevención e incendios forestais. A Lei 43/2003 do 21 de novembro, de montes, atribúe á Comunidade Autónoma a facultade para desenvolver os aspectos de defensa contra incendios forestais dotando dun marco regulador lexislativo que contribúe a fortalecer a seguridade xurídica das administracións públicas galegas e dos cidadáns na prevención e defensa contra os incendios forestais.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ten por obxecto establecer o marco normativo dos montes e terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, e será aplicable a todos os montes ou terreos forestais do territorio.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, estrutura o planeamento de defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais, en varios niveis: galego, de distrito, municipal e inframunicipal. No seu artigo 7 atribúe a competencia dos concellos de elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos que lles sexan da súa titularidade, ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, e de forma máis concreta a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa, así coma o deber de xestionar as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.

Neste marco, o planeamento a nivel municipal integrará nos plans de emerxencias municipais as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais, con arranxo ó previsto na lexislación de emerxencias, sendo a Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia (Platerga) e o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga).

OBXECTIVOS

O obxectivo principal do presente Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, en cumprimento do establecido na Lei 3/2007, é a definición da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa, formadas por un conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, e garantir o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co fin principal de reducir o risco de incendio e protexer a seguranza das persoas.

Este obxectivo fundamental concrétase nunha serie de accións sobre o territorio que buscan organizar a xestión da biomasa en zonas estratéxicas, especialmente aquelas declaradas de alto risco de incendio, unido á construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas, o tratamento de áreas forestais nun esquema de intervención segundo modelos silvícolas previamente establecidos, no ámbito da defensa de persoas e bens e a defensa dos montes.

A redacción do presente Plan pretende, por tanto, aportar un documento que conteña as accións necesarias para a defensa contra os incendios forestais efectuando unha análise da situación actual, e establece unha zonificación do territorio como marco das directrices de actuación a realizar para acadar os obxectivos propostos.

É competencia dos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e integralos nos plans de emerxencias municipais de acordo co previsto na lexislación legal de emerxencias.

Por todo iso e posto que a aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais é competencia municipal, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Aprobación inicial do Plan municipal.
- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o citado plan durante o prazo de 30 días hábiles, coa finalidade de que sexa examinado e poidan presentarse alegacións.
- De presentarse alegacións, deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación Municipal, para proceder á súa aprobación definitiva. De non presentarse alegación o plan considerase definitivamente aprobado.
- Con anterioridade á aprobación definitiva deberá solicitarse o informe preceptivo vinculante da Dirección xeral de defensa do monte, e posteriormente procederase a súa aprobación definitiva

Vilagarcía de Arousa, da data da sinatura dixitalizada

O Sr. Fajardo Recouso solicita información sobre o estado do Plan de Emerxencias Municipal, así como as facturas pagadas.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Vilagarcía de Arousa (redactado por SEAGA).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

- A aprobación inicial do Plan municipal.
- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o citado plan durante o prazo de 30 días hábiles, coa finalidade de que sexa examinado e poidan presentarse alegacións.
- De presentarse alegacións, deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación Municipal, para proceder á súa aprobación definitiva. De non presentarse alegación o plan considerase definitivamente aprobado.
- Con anterioridade á aprobación definitiva deberá solicitarse o informe preceptivo vinculante da Dirección xeral de defensa do monte, e posteriormente procederase a súa aprobación definitiva.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A QUE DOTE DE MAIS EFECTIVOS E MEDIOS Á POLICÍA NACIONAL DE VILAGARCÍA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de abril de 2024,

do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 17 de abril de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de abril de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Instar ao goberno central a que dote de máis efectivos e medios á policía nacional de Vilagarcía”
EXPOÑEN

Os medios de comunicación ven informando nas últimas datas dunha nova vaga de roubos en diferentes negocios de Vilagarcía. Unha situación que non é nova e que se repite cada certo tempo, como xa ocorreu en varias ocasións nos últimos anos. Esta situación, eleva, ano tras ano, as infraccións penais na nosa cidade. Segundo os datos do Ministerio del Interior, a criminalidade aumentou en máis dun 8% no ano 2023.

A actuación das nosas forzas de seguridade é incuestionable, pero en moitos casos carecen dos efectivos e dos medios suficientes para poder facer fronte a tanta criminalidade.

Este é o caso da Policía Nacional, cuxo déficit de axentes dispoñibles converteuse no principal problema que afecta á comisaría de Vilagarcía. Posto que, segundo os propios profesionais deste corpo, a cantidade de efectivos actualmente destinados a esta comisaría é moi inferior á que debería para poder garantir unha eficaz prestación dos servizos e das tarefas que ten encomendada a Policía Nacional.

De feito, esta situación derivou paulatinamente na necesidade de aplicar medidas de reaxuste de horarios de atención ao público motivadas precisamente pola imposibilidade de facer fronte a todas esas obrigacións que legalmente corresponden a este corpo cun número tan limitado de axentes.

Diversos colectivos sindicais vinculados ao Corpo Nacional de Policía levan anos denunciando esta situación sen obter a debida resposta por parte da administración da que dependen: o Goberno da Nación.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA:

- Que o Concello de Vilagarcía inste ao Goberno Central para que dote á comisaría de Vilagarcía dos efectivos e medios materiais necesarios para que a Policía Nacional poida efectuar o seu traballo coas máximas garantías.

- Que o Concello de Vilagarcía inste ao Ministerio do Interior para que amplíe o actual Catálogo de persoal da Comisaría de Vilagarcía para adecualo ás necesidades de poboación e de aumento dos índices de delincuencia da nosa cidade e a súa zona de influencia.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Central a que dote de máis efectivos e medios á Policía Nacional de Vilagarcía.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), PP (8) e BNG (2) e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

- Instar ao Goberno Central para que dote á comisaría de Vilagarcía dos efectivos e medios

materiais necesarios para que a Policía Nacional poida efectuar o seu traballo coas máximas garantías.

- Instar ao Ministerio do Interior para que amplíe o actual Catálogo de persoal da Comisaría de Vilagarcía para adecualo ás necesidades de poboación e de aumento dos índices de delincuencia da nosa cidade e a súa zona de influencia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE REGULARIZACIÓN DO USO DOS PATINETES ELÉCTRICOS EN VILAGARCÍA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de abril de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 17 de abril de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de abril de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Regularización do uso dos patinetes eléctricos en Vilagarcía”

EXPOÑEN

Cada vez son máis os veciños que empregan os patinetes para desprazarse polas nosas rúas e, nalgúns casos, o fan sen ter en conta ningún tipo de limitación. Estes vehículos chegan a alcanzar velocidades moi altas como para circular compartindo espazos cos peóns, pero a nosa cidade carece dunha normativa propia que regule o seu uso.

Esta formación ven demandando nos plenos municipais dos últimos anos, xa sexa a través de mocións, ou de rogos ou preguntas, que o concello elabore unha ordenanza de circulación ou que modifique a actual para regular o uso destes vehículos.

A pesar de aprobarse por unanimidade tanto no ano 2019 como no ano 2021, o goberno local de Vilagarcía non fai máis que dar largas coa elaboración de esta ordenanza e, en pleno 2024, na nosa cidade, os vehículos eléctricos paséanse a altas velocidades provocando riscos na seguridade vial.

Esta situación provocou que nas últimas semanas, se rexistraran en Vilagarcía varios accidentes no que estaban involucrados patinetes eléctricos, deixando a persoas feridas, por sorte de carácter leve.

Mentres outras cidades deron xa o paso de regular este tipo de vehículos mediante ordenanzas municipais, en Vilagarcía aínda non existe un texto específico, actualizado e adaptado ás novas necesidades de mobilidade e á configuración da cidade.

O uso sen ningún tipo de restrición nin de medida para estes vehículos supón un perigo para os nosos veciños e veciñas, especialmente nas prazas e rúas peonís. Por iso é necesario tomar medidas urxentes e modificar de inmediato a ordenanza de circulación.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA:

- Que se realice unha modificación na actual ordenanza de circulación para incluír a regulación do uso do patinete eléctrico.

- Que se intensifique a vixilancia do cumprimento da lei estatal que prohíbe a circulación de patinetes eléctricos en zonas peonís e beirarrúas.

- Que o concello se implique con campañas informativas para que a veciñanza coñeza os usos correctos do patinete eléctrico e os riscos en caso de incumprimento das normas.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre regularización do uso dos patinetes eléctricos en Vilagarcía.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no pleno (20 de 21)

ACÓRDASE Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

- Que se realice unha modificación na actual ordenanza de circulación para incluír a regulación do uso do patinete eléctrico.
- Que se intensifique a vixilancia do cumprimento da lei estatal que prohíbe a circulación de patinetes eléctricos en zonas peonís e beirarrúas.
- Que o concello se implique con campañas informativas para que a veciñanza coñeza os usos correctos do patinete eléctrico e os riscos en caso de incumprimento das normas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240425&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:15, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.